


ARTIGAL



INTERVENCIÓN EDUCATIVA NAS ALTERACIÓN S DA ARTICULACIÓN EN NENOS/AS GALEGO-FALANTES DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

AUTORES

ANA ISABEL LÓPEZ BERGANTIÑOS
JESÚS RAMÓN PRADO LORENZO
LAURA VIDAL BARIEGO
MARÍA DEL CARMEN GÓMEZ ÁLVAREZ

Autores:

Gómez Álvarez, María del Carmen

López Bergantiños, Ana Isabel

Prado Lorenzo, Jesús Ramón

Vidal Bariego, Laura

Agradecementos

A todas aquelas persoas que nos ofreceron o seu apoio
para o desenvolvemento deste proxecto.

Ilustración:

Iñaki Ojeta Úbeda

Subvencionado por:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
a través do Centro de formación e recursos da Coruña

Táboa de contidos

INTRODUCCIÓN.....	1
ARTIGAL.....	19
FONEMA /m/.....	20
FONEMA /p/.....	25
FONEMA /b/.....	32
FONEMA /d/.....	40
FONEMA /t/.....	45
FONEMA /θ/.....	51
FONEMA /f/.....	57
FONEMA /s/.....	62
FONEMA /l/.....	69
FONEMA /n/.....	75
FONEMA /r/.....	82
FONEMA /r/.....	87
FONEMA /ch/.....	93
FONEMA /λ/.....	98
FONEMA /ɲ/.....	103
FONEMA /k/.....	109
FONEMA /g/.....	115
FONEMA /ʃ/.....	121
SINFÓN /fl/.....	127
SINFÓN /cl/.....	131
SINFÓN /bl/.....	135
SINFÓN /gl/.....	140
SINFÓN /pl/.....	143
SINFÓN /tl/.....	148
SINFÓN /fr/.....	151
SINFÓN /br/.....	160
SINFÓN /gr/.....	165
SINFÓN /pr/.....	169
SINFÓN /tr/.....	174
SINFÓN /dr/.....	180
BIBLIOGRAFÍA.....	184

INTRODUCCIÓN

Unha das alteracións máis frecuentes que podemos atopar dentro das aulas relacionadas ca fala son as dificultades articulatorias. Na práctica educativa, atopámonos con que, tanto á hora de avaliar coma de intervir neste tipo de alteracións, a maioría dos instrumentos dispoñibles están elaborados en lingua castelá. Nembargantes, moitos nenos escolarizados en Galiza teñen como lingua materna o galego.

Para contribuír a solventar a parte de avaliación, elaboramos un instrumento de avaliación do repertorio fonolóxico dos nenos galego-falantes (AFGAL).

No que se refire a intervención, consideramos que dentro do tratamento xeral das dislalias, son perfectamente válidos todos os instrumentos editados en lingua castelá referidos ao tratamento indirecto, así como aqueles exercicios encamiñados á aprendizaxe da correcta posición dos órganos fonoarticulatorios para cada fonema. É na parte da automatización e xeralización dos fonemas, onde nos atopamos con que os materiais están deseñados para que o neno evoque ou repita un vocabulario, que expresado en lingua castelá, conteña o fonema que se pretende intervir. Pero se estes conceptos son expresados en galego, a miúdo nos atopamos con que a palabra non contén o fonema en cuestión.

Con este material, o que pretendemos é poñer á disposición dos mestres/as especialistas en Audición e Linguaxe, logopedas e os distintos profesionais que traballen coa fala e coa linguaxe, un instrumento de intervención enfocado á integración e xeralización dos fonemas da lingua galega.

Pareceunos interesante enmarcar previamente, esta parte específica da intervención, nun programa xeral de intervención da dislalia funcional, suxerindo unha serie de obxectivos, contidos e actividades así como unhas certas orientacións metodolóxicas.

Á hora de seleccionar os refráns, poesías, adiviñas, cancións e trabalinguas que usaremos para xeralizar os fonemas á linguaxe espontánea dedicimos utilizar preferentemente, materiais procedentes da nosa tradición oral popular, para enriquecer deste xeito a intervención educativa.

PROGRAMA INTERVENCIÓN XERAL

DISLALIA FUNCIONAL

OBXECTIVO XERAL:

Normalizar a articulación de todos as fonemas afectados.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Mellorar aqueles aspectos da motricidade e psicomotricidade máis directamente relacionados coas habilidades articulatorias.
- Realizar unha respiración abdominal, a inspiración nasal e a espiración nasal e bucal.
- Aumentar a capacidade respiratoria. Conseguir un mellor ton, mobilidade, axilidade e flexibilidade dos órganos bucofonatorios así como unha adecuada secuenciación e combinación de movementos.
- Mellorar a coordinación fonorespiratoria.
- Evitar tensión e rixidez, en especial, facial.
- Controlar o sopro en todos os seus aspectos: duración, direccionalidade

intensidade e ritmo.

- Discriminar correctamente os sons da contorna e as fonemas afectados.
- Organizar fonolóxicamente a fala.
- Conseguir colocar os órganos bucofonatorios na posición axeitada para a realización da fonema, ditongo ou sinfón e unha correcta secuenciación e combinación de movementos.
- Regular a saída do aire fonador.
- Automatizar o fonema unha vez conseguido integrándoo en sílabas, palabras e frases.
- Integrar o fonema na linguaxe espontánea e xeneralizalo a diferentes contextos
- Realizar unha adecuada combinación dos fonemas que integran os sinfóns.
- Incrementar o grao de coñecemento dos pais sobre as dificultades que presenta o seu fillo e os seus progresos así como potenciar a súa colaboración no tratamento

ACTIVIDADES

(por contidos)

INTERVENCIÓN DIRECTA

Tratamento indirecto:

- **Motricidade xeral**
 - Exercicios de imitación motora:

- Que imite un movementos que primeiro realizamos nós.
 - Que imite un debuxo.
 - Que imite unha acción ou un personaxe que lle dicimos e ten que imaxinar.
- Realizar distintos tipos de movementos cada vez máis rápido e con maior precisión.
 - grandes movementos.
 - pequenos movementos.
 - expresións faciais.
 - Exercicios de coordinación motora como:
 - coordinar movementos de pernas e brazos
 - coordinar varios movementos faciais

Podémonos axudar de cancións e poemas acompañadas de movementos.

- **Motricidade dos órganos bucofonatorios**

- Exercicios de lingua
 - Exercicios de beizos
 - Exercicios de mandíbula
 - Exercicios coas fazulas
 - Exercicios do veo do padal

Podemos realizar estes exercicios pedíndolle que nos imite e axudándolle con debuxos que representen as praxias.

PRAXIAS

FAZULAS
Inflar as fazulas, xuntas e separadas
Baleirar as fazulas (facer o peixe)
Movemento de enxaugar a boca (inflar alternativamente)
Empuxar coa lingua as fazulas cara fóra (caramelo)
Golpear cos cotenos as fazulas infladas e explotar o aire

CEO DO PADAL
Bocexar
Tusir
Facer gárgarexos
Carraspear
Coa boca aberta, inspirar polo nariz e espirar alternativamente por boca e nariz

BEIZOS
Sorriso con beizos xuntos
Sorriso con beizos separados
Proxectar beizos engurrados (trompiña)
Proxectar os beizos cara adiante, abrir e pechar o orificio bucal (coello)
Proxectar beizos separados (0)
Morder beizo superior
Morder beizo inferior
Soster un pequeno obxecto cos beizos colocado paralelamente a eles
Soster un pequeno obxecto cos beizos colocado perpendicularmente a eles
Soster un pequeno obxecto entre o beizo superior e a base do nariz.
Con beizos xuntos, encher a boca de aire e proxectala ao exterior vencendo a resistencia dos beizos
Vibración dos beizos, con sopro prolongado
Vibración cortada e rápida de ambos os beizos (moto)
Sorber líquidos con palliña
Sorber líquido en vaso
Asubiar

Mover os beizos xuntos cara a dereita e esquerda
Con beizo superior cubrir beizo inferior
Con beizo inferior cubrir beizo superior
Dar biquiños cara adiante
Dar biquiños cara atrás
Elevar o beizo superior mostrando a arcada dentaria e descender cubríndoa
Descender o beizo inferior mostrando a arcada dentaria e elevar cubríndoa

LINGUA
Lingua plana entre os dentes
Lingua plana entre os beizos
Meter e sacar a lingua plana da boca
Lingua plana detrás dos incisivos superiores
Lingua plana detrás dos incisivos inferiores
Tocar coa lingua larga a enxiva dos incisivos superiores
Tocar coa lingua larga a enxiva dos incisivos inferiores
Dobrar a lingua cara atrás e abaixo até tocar o freo
Dobrar a lingua cara atrás e arriba percorrendo o padal
O mesmo pero logo empuxar os incisivos e sacar a lingua fóra da boca forte
Arquear a lingua larga entre os dentes e beizo superiores
Arquear a lingua larga entre os dentes e beizo inferiores
Estalido (adherir ben a lingua larga contra o padal) (trote de cabalo)
Chistido (chst)
Vibración da lingua entre os beizos
Sacar e meter a lingua fina da boca
Coa punta da lingua tocar as comisuras dos beizos alternativamente
Coa punta da lingua tocar o centro do beizos superior e inferior
Coa punta da lingua tocar a unión entre os incisivos superiores e inferiores
Con boca aberta, pasar a punta da lingua ao redor dos beizos en ambos os sentidos
Con boca pechada, pasar a punta da lingua entre os dentes e os beizos
Coa punta da lingua tocar detrás dos incisivos superiores e inferiores
Coa punta da lingua percorrer o padal
Coa punta da lingua percorrer desde o freo lingual até fóra (varrer o piso)
Empuxar as fazulas coa punta da lingua alternativamente (caramelo)
Proxectar a lingua acanalada (facer cucurucho)

Asubiar
Dobrar a lingua cara abaixo (punta detrás de incisivos inferiores), morder e desdobrar
Dobrar a lingua cara arriba, morder e desdobrar
Entrar e sacar rapidamente a lingua entre os beizos (lingua que corre)

• **Ritmo**

- Camiñar rápido, normal e lento.
- Camiñar ou bailar ao ritmo da música.
- Con instrumentos musicais (pandeiro, xilófono, etc.) realizar secuencias de 1,2,3,4...elementos para que os repita.
- Facer secuencias de distinta intensidade (alto, baixo), velocidade (rápido, normal, amodo) tocando un instrumento ou facendo palmas.
- Facer secuencias con distintos sons: ex: palmas, golpe contra a mesa.
- Facer secuencias tamén con palabras: me-sa; to-ma-te; procurando que sexan palabras que sabe pronunciar.
- Usar estruturas rítmicas como as de Mira Stambak ou secuencias creadas por nós:

-----Secuencias-----

1 -	7 - - - -	13 - - - - -	19 - - - - -
2 - -	8 - - - -	14 - - - - -	20 - - - - -
3 - - -	9 - - - -	15 - - - - -	21 - - - - -
4 - - - -	10 - - - - -	16 - - - - -	22 - - - - -
5 - - - -	11 - - - - -	17 - - - - -	23 - - - - -
6 - - - -	12 - - - - -	18 - - - - -	

- **Relaxación**

- Relaxación global: usar métodos como a relaxación pasiva de Shultz (se non son moi pequenos).
- Logo pasaremos á relaxación segmentaria como a relaxación por tactos, con algodóns, pincelado, tapping ou a relaxación activa e progresiva de Jacobson.

- **Respiración**

- Para percibir a respiración abdominal: proporémoslle posturas como:

- Tombado de lado coa barriga sobre o chan e a perna superior flexionada, totalmente relaxado.

- Sentado a carranchapernas nunha cadeira reclinado cara adiante descansando sobre o respaldo.

- De xeonllos no chan, coa cara de lado apoiada no chan e os brazos ao longo do corpo.

- Nun colchón, tumbados, coas mans sobre a barriga, practcaremos a respiración abdominal.

Pódese usar un peso que se coloca sobre a barriga.

- Logo respiraremos sentados e de pé.

- Para traballar a inspiración e espiración e a coordinación fonorespiratoria.

1. Para favorecer a inspiración nasal.

- Xogar a dilatar os orificios nasais e a relaxalos.

- Xogar a cheirarse as mans, roupa, flores, perfume, etc.

2. Inspiración nasal - Espiración nasal:

- Inspiración lenta-retención-espiración lenta.

- Inspiración lenta-retención-espiración rápida.

- Inspiración lenta-retención-espiración cortada en 3 ou 4 tempos.
- 3. Inspiración nasal - Espiración bucal: igual que nasal máis:
 - Espiración lenta e silbante suave
 - Espirar asubiando.
 - Espirar saíndo o aire forte e fresco ou suave e cálido.
- **Sopro**

Estes exercicios van dirixidos a traballar a intensidade, ritmo, direccionalidade, duración e control do sopro ademais da función e capacidade respiratoria.

EXERCICIOS CON MATERIAL ESPECÍFICO:

Material seleccionado:

- CANDEA:
 1. Ponse unha candea á altura da boca do neno a unha distancia de 25 ó 30 cm. o neno debe inspirar profundamente polo nariz e logo soprar con forza a chama para apagala. logo irase afastando a candea e aumentando o número destas colocándoas en distintos puntos formando un amplo arco de maneira que o neno terá que controlar tanto a intensidade como a direccionalidade do sopro.
 2. O neno debe soprar suavemente sobre a chama facéndoa oscilar pero sen chegar a apagala. Irase distanciando e achegando a vea de maneira que o neno ten que controlar a forza do sopro en relación coa distancia que lle separa da candea.

- CORTINA DE PAPEL: Ponse a cortina de papel preto da boca do neno e este ten que soprar para que se mova aumentando a distancia aos poucos para que teña que soprar cada vez con máis forza.
- TIRA DE PAPEL:
 1. Ponse unha tira de papel fronte á boca do neno e indícaselle que sopre para mover o papel. Pódese ir contando mentres a tira está en movemento para controlar como se vai prolongado a emisión do sopro. Vaise separando do papel para que teña que aumentar a forza do sopro de modo que o papel non deixe de moverse.
 2. Soster a tira de papel sobre un espello e pedir ao neno que sopre ao centro da mesma para que só coa forza do sopro quede pegada ao mesmo. Para este exercicio é necesario dominar a direccionalidade do sopro, que ten que ir orientado ao centro do papel para que se poida soste así como a forza, xa que o papel ten que adherirse e manterse pegado o maior tempo posible ao espello.
- ESPELLO: O neno ten que soprar diante do espello para ver que queda manchado de bafo. A continuación, co dedo, pode escribir no espello embazado.
- PALLIÑA E VASO: O neno soprará a través dunha palliña nun vaso con auga co fin de facer o maior número posible de burbullas. Cando o neno ten dificultade para emitir o sopro porque non sabe abucinar os beizos, facilítaselle facéndolle soprar a través dunha palla, xa que neste caso ten que adaptar os beizos á mesma e encollelos. Cando está a soprar desta forma retíraselle a palla para ver se é capaz de seguir soprando igual mantendo a posición de beizos axeitada.
- LINGUA DE SOGRA:
 1. Despois de inspirar profundamente, o neno debe soprar forte neste obxecto de maneira que consiga extendelo totalmente e facer soar o chifre.

2. Mantelo desenrolado o maior tempo posible. Pódese ir contando o tempo que o mantén para que lle sirva de estímulo e á vez controlar a mellora na capacidade respiratoria.

3. Pediráselle que sopre pero sen chegar a extendelo totalmente, manténdoo enrolado soamente até a metade o cal require un certo dominio do sopro.

- MUÍÑO: Facer xirar o muíño, de forma cada vez máis rápida, por medio do sopro.
- TROMPETA: O neno debe inspirar e soprar repetidamente para facela soar.
- CHIFRE: Facer que soe.
- FRAUTA: Inspirar e soprar para que soe.

Se o facemos en grupo, a uns nenos dánselles trompetas, a outros chifres e aos demais frautas. Para cada instrumento establécese un sinal. Cando se dea o sinal dun instrumento, soprarán só eses nenos. Tamén se porá un sinal para que soen todos os instrumentos á vez e outra para que todos queden en silencio.

- PLUMA: Bótase unha pluma ao aire e o neno, soprando sobre ela debe evitar que caia e conseguir que permaneza no aire o maior tempo posible para o que debe manter o ritmo do sopro.
- TORTA DE ANIVERSARIO: Primeiro colocamos na torta unha vea e logo imos aumentando até poñer tantas veas como anos ten o neno. Acendémolas e o neno ten que apagalas cada vez con menos sopros
- POMPEIRO: Facer pompas de xabón.
- BARQUIÑO DE PAPEL: Colócase o barquiño sobre un recipiente con auga para que o neno o faga avanzar co sopro.
- GLOBOS: Cóllense globos de distintas cores para inflalos e debuxamos no globo a cara dun neno. Canto máis aire ten o globo máis grande se pon. Se o desinflamos, a

cara queda moi pequena. Se o neno non logra inchar en por si un globo, non adquiriu aínda o dominio do sopro necesario. Unha vez inchados, lanzaranse ao aire e soprase sobre el. Debemos controlar cantas respiracións necesita o neno para inflar un globo dun determinado tamaño para comprobar sucesivamente o aumento da súa capacidade respiratoria.

- **ALGODÓN:** Ponse sobre a mesa e o neno ten que limpar a mesa soprando.
- **TIRAS DE CARTOLINA E PAPEL:** Cólgame da parede. Primeiro o neno ten que soprar ao papel cun sopro débil é suficiente para que se movan. Despois, faráo cun sopro forte para movelas moito. A continuación, sopra a cartolina para que se dea conta de que debe soprar máis ou de que este papel non se move tanto ao soprar.
- **PELOTA DE PING-PONG E PORTERÍA:** Colócase unha pelota de ping-pong sobre unha mesa cerca do extremo e fronte a ela, a unha distancia de 30 ou 40 cm., segundo as posibilidades do neno, sitúase a portaría. Colocada a boca do neno á altura da mesa e despois dunha inspiración profunda, soprará sobre a pelota para lograr introducila na portaría o cal require un gran dominio do sopro.
- **CONFETI:**
 1. O neno debe facer voar, dun sopro, o maior número de confetis posible.
 - 2 Pódese facer en grupos, de maneira que cada grupo ponse ao redor dunha mesa cuberta de confeti e coas mans atrás. Cando escoiten o sinal, deben limpar a mesa soprando sobre o confeti. A ver quen o consegue antes.
- **Bóla DE PAPEL:** Facemos un círculo grande no chan do tamaño de dúas mans xuntas aproximadamente e o neno ten que meter a bóla nel soprando. Tamén se pode facer co neno sentado, debuxando o círculo na mesa.

EXERCICIOS SEN MATERIAL ESPECÍFICO:

- Unha forma de sopro é inchar as fazulas. Cando non o sabe facer podemos pedirlle que encha a boca con AUGA e a explote sobre o lavabo. Despois, xa sen auga, inflará a cara e explotará o aire de maneira que consiga soprar directamente inflando as meixelas, sen necesidade de utilizar o apoio da auga.
- Neno ten que abrir as súas MANS e colocalas diante da boca. Soprará alternativamente forte e suave descubriendo así a intensidade do sopro. Para axudarlle a discriminar as distintas intensidades podemos soprarlle nós previamente sobre a súa mans para que perciba a diferenza.
- Sacando o beizo de abaixo e póndoo sobre o de arriba, o neno debe soprar e facer voar o seu propio FLOCO. A continuación, hai que sacar o beizo de arriba e colocalo sobre o de abaixo e soprar aireando a camisa e sentíndoo sobre o PEITO.
- Organizar unha LOITA DE SOPROS: Todos os nenos deben estar coas mans atrás. Non se pode tocar ao compañeiro nin lanzarlle nada, unicamente está permitido soprarlles forte sobre calquera parte do corpo. A batalla terminará cando se levante unha bandeira branca momento no que todos se darán a man ou abrazarán.
- **Percepción e discriminación auditiva**
 - Localización do punto de produción dun son:
 - Facer un son ou ruído e o neno ten que saber a orixe.
 - Atención auditiva
 - Desprazarse e pararse en función dun estímulo sonoro, ex: cando soa a música ou non.

- Memoria secuencial auditiva:
 - Repetir díxitos, palabras e frases que lle dicimos oralmente. dámoslle 2,3 ó 4 cartóns con debuxos. Dámoslle unha secuencia de sons e logo ten que poñer en cada vagón dun tren os cartóns correspondentes na orde correcta.

- Percepción auditiva:
 - Dámoslle un son familiar (animais, sons do corpo, voces..) e ten que dicir que é. Se non pode dicir o que é, que imite o son ou a acción.

- Discriminación auditiva de sons da contorna:
 - Segundo o instrumento que se toque, camíñase cara adiante, cara atrás, no bico dos pés, agáchase, dá palmas, etc...
 - Colocarse en distintos sitios da aula, relacionados previamente co son dun instrumento ou un obxecto
 - Reprodución de sons que ten que recoñecer nunha lámina.
 - Discriminar sons que se presentan superpostos

- Discriminación auditiva selectiva:
 - Discriminar a intensidade dun son: ex: se é alta, levantámonos; se é baixa, deitámonos.
 - Discriminar duración: Ex: ante un son longo, saltamos; ante un son curto, agachámonos.
 - Discriminar velocidade: se é rápido, aplaudimos rápido; se é lento, xuntamos as mans dando unha soa palmada.

- **Discriminación fonológica**

- Ler un conto, ex: Carapuchiña e cando dicimos o nome dun personaxe o neno ten que realizar unha acción ou emitir un son. Ex: Carapuchiña: ¡Oohh! e Lobo:¡Aaahh!

- Nunha caixa metemos tantos obxectos como fonemas temos. Asociaremos tamén a ese fonema un aceno. Primeiro ensinámolles todos os fonemas asociados ao seu obxecto, onomatopea e aceno. Cando os coñece, ten que dicir se as palabras que eu lle digo teñen unha determinado fonema ou non. Primeiro proporcionámolles a axuda xestual e a visual (deixamos que nos vexa pronuncialo). Logo retiramos a xestual e por último, a visual.

- Xogos en que teña que realizar unha acción ao dicir unha sílaba ou palabra que conteña, empece ou termine cun determinado fonema ou sílaba.

- Sinalar debuxos que conteñan, empecen ou terminen cun determinado fonema ou sílaba.

- Clasificar debuxos en función dunha serie de fonemas determinados.

- Discriminar a orde sucesiva de fonemas nas sílabas:

- . Dicímolles unha sílaba directa e o ten que dicir a inversa ou viceversa.

- . Cando se di sílaba inversa (ej: ao)ao dáse un paso atrás e directa (a) un paso adiante.

- . O mesmo pero con sinfóns e sílabas mixtas. ex: pla e pal

Tratamento directo:

- **Adquisición do sistema fonolóxico**

- Exercicios para ensinar o punto e modo de articulación, a acción do veo do padal e a vibración ou non das cordas vocais.
- Usaremos unhas estratexias para conseguir a articulación de cada fonema.

- **Integración das fonemas en sílabas, palabras e frases**

- A medida que vai adquirindo un fonema iremos elaborando un caderno no que poñamos o fonema, sílabas e palabras (debuxos) que conteñan ese fonema en todas as posicións. Proporcionaremos apoios xestuais.
- Onomatopeas :galo, parrulo, riso, tose, moto, guitarra ou baile dun vals.
- Para automatizar a pronuncia do fonema faremos repeticións primeiro de sílabas directas, inversas e mixtas. Logo logotomas co fonema en cuestión. A continuación palabras co fonema tanto en posición inicial como media e final. Por último repetiremos frases.

- **Xeralización do fonema. Actividades complementarias**

- Ler poemas ou contos do fonema correspondentes
- Cantar cancións
- Denominación de debuxos que conteñan o fonema en todas as posicións.
- Enumerar palabras que conteñan a fonema. “Vexo-vexo”.
- Preguntas sobre debuxos ou láminas.
- Completar e construír frases que conteñan devandito fonema.

- Facer un quebracabezas e describir os debuxos.
 - Armar figuras. . Ao unir as dúas partes do obxecto dirá que é.
 - Dominó de imaxes do fonema.
 - Lotaría de siluetas. Dáselle unha figura ao neno e este ten que nomeala e colocala.
 - Xogo de memoria de fichas: Colócanse as fichas dadas a volta sobre a mesa. Hai que levantar 2 fichas e nomealas. Se non son iguais devólvense ao seu lugar.
 - Expresión espontánea: falar co neno sobre calquera tema da súa vida diaria, que lle interese.
- **Comportamento e actitude**
 - Establecer normas e límites claros

INTERVENCIÓN INDIRECTA

- **Pautas para pais e titores**
 - Non provocar que o neno faga un problema da súa dislalia
 - Non facerlle repetir.
 - Non rifarlle para que pronuncie ben.
 - Darlle un modelo de linguaxe correcta.
 - Cantar cancións, ler contos, falar con el así como calquera actividade que estimule a linguaxe do neno.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- Non se tentará corrixir o fonema, senón que se ensinará de novo.

Partiremos de fonemas adquiridos para ensinar o novo.

- Seguirase a orde de adquisición normal dos fonemas.

Se atopamos que pode pronunciar o fonema, aínda que só sexa nunha palabra, illarémolo en devandita palabra e partiremos del.

ARTIGAL

FONEMA /m/

AUTOMATIZACIÓN

SÍLABAS

ma mo mu me mi
am om um em im

PSEUDOALABRAS

Pseudopalabras bisílabas co mesmo fonema

mamá mamó mamú mamé mamí
momá momó momú momé momí
mumá mumó mumú mumé mumí
memá memó memú memé memí
mimá mimó mimú mimé mimí

Pseudopalabras trisílabas co mesmo fonema

mamamá mamomá mamumá mamemá mamimá
momamó momomó momumó momemó momimó
mumamá mumomú mumumu mumemú mumimú
memamá memomé memumé mememé memimé
mimamá mimomí mimumí mimemí mimimí

Pseudopalabras bísílabas e trísílabas con fonemas co mesmo punto de articulación.

Bísílabas	Trísílabas
mapá mapó mapú mapé mapí	mapamá mapomá mapuma mapemá mapimá
mopá mopó mopú mopé mopí	mopamá mopomó mopumó mopemó mopimó
mupá mupó mupú mupé mupí	mupamá mupomú mupumú mupemú mupimú
mepá mepó mepú mepé mepí	mepamá mepom é mepumé mepemé mepimé
mipá mipó mipú mipé mipí	mipamá mipomí mipumí mipemí mipimí
mabá mabó mabú mabé mabí	mabamá mabomá mabuma mabemá mabimá
mobá mobó mobú mobé mobí	mobamá mobomó mobumó mobemó mobimó
mubá mubó mubú mubé mubí	mubamá mubomú mubumú mubemú mubimú
mebá mebó mebú mebé mebí	mebamá mebomé mebumé mebemé mebimé
mibá mibó mibú mibé mibí	mibamá mibomí mibumí mibemí mibimí

Posición inicial

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
mil	miar	macaco	madeireiro
mol	mimo	maceta	manteigoso
mor	mofa	macizo	mariscador
mus	mola	maduro	marquesiña
mal	momo	merenda	maquillaxe
man	mona	mensaxe	mecanismo
mar	moño	mergullar	memorizar
mel	mora	médico	mecanizar
mes	moto	microbús	micrófono
mach	muller	mistura	micólogo
miss	muda	migalla	minimizar
	mula	molusco	montañosos
	muro	molesto	monopolio
	musa	moldura	monopatín
	muxe	moderno	molladura
	mandil	mochila	moderador
	madre	mocasín	muxidoira
	mamá	muxica	musculoso
	maña	mucosa	multitude
	mapa	muleta	musaraña

Posición media

Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
amor	abismo	academia
cismón	alemán	economía
clamor	animal	epidemia
cómic	benxamín	Estocolmo
común	chuchamel	gastronomía
curmán	decimal	sinónimo
dolmen	fantasma	verosímil
fémur	informal	consumir
formal	ollomol	aburrimiento
humor	pasamán	acedume
imán	ultramar	acumulador
irmán	alarma	adestramento
limón	animar	adiantamento
lume	arrimar	administrador
normal	asomar	admirable
pulmón	imprimir	afamado
ramal	perfumar	afirmación
rosmón	proclamar	alugamento
rumor	reclamar	amarelo
salmón	abdome	ameixeira

Posición final

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
	álbum	alfombra	cinéfórum
	fórum	alumna	currículum
	islam	ámbalas	vademécum
	ítem	champiñón	acampada
	módem	chimpancé	alambique
	quórum	columna	ambulancia
	tándem	comparsa	asombroso
	tótem	completo	campamento
	ámbar	decembro	campesiño
	ambos	embarque	cantimplora
	bambán	embigo	carambola
	bambú	emblema	combustible
	bombo	embrague	compañeiro
	campá	empacho	compositor
	cámping	empaste	computadora
	chimpo	empezar	descampado
	complot	emprego	embalaxe
	compás	empresa	empanada
	compra	empurrón	emperador
	grampa	escombro	empresario

ORACIONES

Posición inicial

Manuel colle a merenda na man e comezou a mordela.

Unha muller mergullouse no mar e colleu un molusco.

Mamá mercou moras no mercado.

Madre queimou o mandil cunha muxica.

María colleu o mapa e a mochila para ir ao monte.

Posición media

A meu irmán gústalle o salmón.

Meu curmán visitou o dolmen que hai na aldea.

Un alemán de ultramar afundiou no abismo do mar.

O benxamín pintou o cómic de amarelo.

Posición final

O empresario mercoulle o álbum ao campesiño

En decembro o cámping non ten visitantes.

A alumna colleu un empacho de champiñóns.

O chimpancé rañaba o embigo no descampado.

XERALIZACIÓN

REFRÁNS

Frutos e amores

Os primeiros os mellores.

TRABALINGUAS

A mama do mimo Momo, mima as moras da maceta

POESÍAS E CANCIÓNS

Durme, meu neno,

durme meu solíño,

durme miña alma,

durme, amoriño

FONEMA /p/

AUTOMATIZACIÓN

SÍLABAS

pa po pu pe pi
ap op up ep up

PSEUDOPALABRAS

Pseudopalabras bisílabas co mesmo fonema

apá apó apú apé apí	papá papó papú papé papí
opá opó opú opé opí	popá popó popú popé popí
upá upó upú upé upí	pupá pupó pupú pupé pupí
epá epó epú epé epí	pepá pepó pepú pepé pepí
ipá ipó ipú ipé ipí	pipá pipó pipú pipé pipí

Pseudopalabras trisílabas co mesmo fonema

papapá papopá papupá papepá papipá
popapó popopó popupó popepó popipó
pupapú pupopú pupupu puperú pupipú
pepapé pepopé pepupé pepepé pepipé
pipapí pipopí pipupí pipepí pipipí

Pseudopalabras bísílabas e trisílabas con fonemas co mesmo punto de articulación

Bisílabas	Trisílabas
pomá pomó pomú pomé pomí	pomapó pomopó pomupó pomepó pomipó
pumá pumó pumú pumé pumí	pumapú pumopú pumupú pumepú pumipú
pemá pemó pemú pemé pemí	pemapé pemopé pemupé pemepé pemipé
pimá pimó pimú pimé pimí	pimapí pimopí pimupí pimepí pimipí
pamá pamó pamú pamé pamí	pamapá pamopá pamupa pamepá pamipá
pebá pebó pebú pebé pebí	pobapó pobopó pobupó pobepó pobipó
pubá pubó pubú pubé pubí	pubapú pubopú pubupú pubepú pubipú
pobá pobó pobú pobé pobí	pebapé pebopé pebupé pebepé pebipé
pabá pabó pabú pabé pabí	pibapí pibopí pibupí pibepí pibipí
pibá pibó pibú pibé pibí	pabapá pabopá pabupa pabepá pabipá

PALABRAS

Posición inicial

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
pá	paca	paisaxe	pacedeira
paf!	pacer	palloza	palilleira
pai	pailán	palleira	pallaperra
pan	paixón	palmeira	pallarego
par	peixe	pedichón	pegamento
pas	pedra	pedrolo	peiteado
pau	peito	pelame	peliqueiro
paz	peonil	pemento	peloteiro
pé	piar	picouto	picadela
pel	pichón	pillaxe	picafolhas
pes	pila	pingallo	pistoleiro
pi	pingo	píntega	pitochada
pis	pobo	postela	poderoso
pin	pola	potaxe	polvoriño
po	polbo	poutada	porcallada
pop	pomba	poxigo	positivo
por	pucho	pulseira	pupilaxe
pub	pulo	puntapé	puntarola
pum!	pulso	punteira	puritano
pus	puxa	puvela	pusilánime

Posición media

Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
apor	alampar	acepillar
bispo	alpendre	acomparar
campá	ampola	aeroporto
carpir	apeiro	alporizado
cipo	aperta	antepeito
cispar	apoio	anticorpo
corpo	aposta	antropoloxía
cuspir	arrepór	apadumar
choupa	arroupar	apalpadelas
depor	bípede	aparafusar
despois	cachopa	aparello
epa!	campiña	apazugar
lapa	capelán	apeadoiro
lupa	carpazo	apoucado
mapa	casopa	arrepío
pampo	lapada	atropelar
rapa	náparo	carrapucha
roupa	néspero	carapela
toupa	papoula	empoleirarse
vespa	raposo	repañota

Posición final

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
clip	apto	áptero	baptisterio
crep	backup	biochip	hipnotizar
crup	captar	capcioso	neuróptero
chip	copto	cápsula	anabaptismo
gap	galop	capturar	anaptixe
pop	ipso	colapso	anticonceptivo
top	lapso	concepción	antiséptico
tup	lapsus	concepto	apocalipse
vip	salep	eclipsar	autostop
	slip	eclipse	baptisterio
	stop	excepción	capnomancia
	optar	excepto	cariópside
	op-art	exipcio	cleptómano
	raptar	óptica	eclíptica
	rapto	óptimo	escéptico
	réptil	pepsina	septenario
	sepsia	péptico	septicemia
		peptona	septuaxenario
		percepción	septuplicar
		receptor	videoclip

ORACIÓNS

Posición inicial

O pito ten un pico pequeno.

Púxenme no peito do meu pai.

Fun a pasear con Paco polo pobo.

Pon preto da porta as papoulas e as pedras.

O pardao pardos pican pan e pisan as papoulas.

Pintou un par de paisaxes con paxaros pousados nas polas das palmeiras.

Posición media

A vespa picou ao raposo e despois voou.

O capelán arroupou á rapaza ca roupa de Lupe.

O bispo cuspiu na capela que hai na campiña.

Pepe mirou ca lupa e atopou no mapa o alpendre.

O compañeiro de Leopoldo lee tebeos de Zipi e Zape.

O capitán dispuxo que compartísemos a empanada, os choupiños e o champaña.

Posición final

Hipnotizoume escoltando música pop.

O pop-art é unha arte óptica contemporánea

Fai autostop no stop que hai fronte á óptica.

Chip e Chop raptaron a un reptil no último capítulo.

O protagonista do videoclip é un septuaxenario escéptico.

O rapaz exipcio tivo un lapsus pero captou o concepto.

REFRÁNS

O que parte, reparte
Quédase coa mellor parte.

Pereza non é pobreza, pero por alí se empeza.

TRABALINGUAS

Debaixo dunha pipa tinta hai unha pita tinta,
cando a pipa tinta pinga, a pita pinta pita.

Papá pon pan para Pepín. Pepín pon pan para
papá.

POESÍAS E CANCIÓNS

Ao pasalo río
de San Adrián
veu un paxariño
picoume na man
picoume na man
picoume no pé
él tenme malicia

Pola ponte pasei, collín cordóns, cordóns
deixei.
Pola ponte pasín, collín cordóns, cordóns
deixín.

O papel pode con todo.

non sei porque é.

A criada do cura
cando vai á misa
sos pés pisa pallas
cos pés pisa pallas

Nais e filla
foron á misa;
nai pisa palla,
palla pisa a filla.

Perexil común
perexil ceei
e de tanto perexil
emperexilei.

Unha pérgora, márgar, pérgara, pírgara,
se non fora pírgara, mergara, párgara
non era pírgara, márgara, párgara

ADIVIÑAS

Capela sobre capela,
Capela de rico pano,

A dúas palabras, tres parvadas.

Pouquiño a pouco, vai un andando.

De pai a pai, pouco vai.

Pan e auga: sopas.

Palabra de boca, pedra de fonda.

Pan con pan, comida de parvos.

Parvo é o que pensa que outro no pensa.

Paz e paciencia e morte con penitencia.

Pecado calado é medio perdoado.

Se pega que pague, se se non, que no pegue.

A perna no leito e o brazo no peito.

Monte de sapo, pan no saco e no papo.

Do Pindo do Pindo
do Pindo será
do Pindo do Pindo
da banda dalá

Alto, máis alto ca un pau
E non pesa o que pesa un grau.

<p>Se non adiviñas hoxe Xa adiviñarás pró ano. <i>(a cebola).</i></p>	<p><i>(o fume)</i></p>
<p>Estaba dous pés cun pé en tres pés e chegou catro pés a sacarlle un pé; colleu dous pés a tres pés e deulle a catro pés, que deixou un pé. <i>(o home sentado nun tallo cun xamon na man e o can ue llo saca polo que o home arrebólalle o tallo para que o deixe.)</i></p>	<p>Un pipotiño moi empicotado, con viño de dúas clases e cada un separado. <i>(o ovo)</i></p>
<p>Limpé de catro pés quixo comer a Limpé dun pé, e Limpé de dous pés tornou a Limpé de catro pés Para que Limpé de catro pés Non comese a Limpé dun pé. <i>(a cabra, a berza e o home que a escorrenta)</i></p>	<p>Pucho sobre pucho, pucho colorado, pucho sobre pucho, todo do mesmo pano. <i>(a cebola)</i></p>
<p>Limpé de catro pés quixo comer a Limpé dun pé, e Limpé de dous pés tornou a Limpé de catro pés Para que Limpé de catro pés Non comese a Limpé dun pé. <i>(a cabra, a berza e o home que a escorrenta)</i></p>	<p>Que se precisa para tapar un pozo? <i>(que estea aberto)</i></p>
<p>Limpé de catro pés quixo comer a Limpé dun pé, e Limpé de dous pés tornou a Limpé de catro pés Para que Limpé de catro pés Non comese a Limpé dun pé. <i>(a cabra, a berza e o home que a escorrenta)</i></p>	<p>Unha xarriña de pomporrompón sen burato nin tapón. <i>(o ovo)</i></p>

FONEMA /b/

AUTOMATIZACIÓN

SÍLABAS

ba bo bu be bi

ab ob ub eb ib

PSEUDOPALABRAS

Pseudopalabras bisílabas co mesmo fonema

babá babó babú babé babí

bobá bobó bobú bobé bobí

bubá bubó bubú bubé bubí

bebá bebó bebú bebé bebí

bibá bibó bibú bibé bibí

Pseudopalabras trisílabas co mesmo fonema

bababá babobá babubá babebá babibá

bobabó bobobó bobubó bobebó bobibó

bubabú bubobú bububu bubebú bubibú

bebabé bebobé bebubé bebebé bebibé

bibabí bibobí bibubí bibebí bibibí

Pseudopalabras bísílabas e trísílabas con fonemas co mesmo punto de articulación

Bisílabas	Trisílabas
bamá bamó bamú bamé bamí	bamabá bamobá bamuba bamebá bamibá
bomá bomó bomú bomé bomí	bomabó bomobó bomubó bomebó bomibó
bumá bumó bumú bumé bumí	bumabú bumobú bumubú bumbé bumibú
bemá bemó bemú bemé bemí	bemabé bemobé bemubé bemebé bemibé
bimá bimó bimú bimé bimí	bimabí bimobí bimubí bimebí bimibí
bapá bapó bapú bapé bapí	bapabá bapobá bapuba bapebá bapibá
bopá bopó bopú bopé bopí	bopabó bopobó bopubó bopebó bopibó
bupá bupó bupú bupé bupí	bupabú bupobú bupubú bupebú bupibú
bepá bepó bepú bepe bepí	bepabé bepobé bepubé bepebé bepibé
bipá bipó bipú bipé bipí	bipabí bipobí bipubí bipebí bipibí

PALABRAS

Posición inicial

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
Bah!	baba	baralla	barulleiro
vai	Baca	batea	batedeiro
val	bala	vasoira	vacaloura
van	vagar	vaixela	vagalume
be	bebé	beiramar	beirarrúa
ben	beira	belisco	berberecho
vés	beixo	besbello	verteheiro
ver	beizo	vexetal	vexetación
bis	bico	bicador	bidueiro
bit	billa	billarda	bidueiral
vil	vila	biscoito	bidueiro
vin	viño	viraxe	virafollas
bo	bocha	borralla	bolboreta
boi	bosta	boscaxe	borralleiro
bou	voar	botelo	botafumeiro
vos	vogal	vostede	voracidade
buf!	bufo	bulicio	bucinador
bum!	buño	buguina	bufarada
bus	buxo	burbulla	bulicioso
	vulto	bufanda	vulgaridade

Posición media

Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
avó	cabazo	agardaba
cebo	cebola	desvalixar
ceibe	debullar	desvencellar
comba	escravo	enrabechar
cravo	fábula	entrambos
fabá	gabeta	embaixada
globo	laboura	embarcadoiro
herba	malvado	embarrancar
lambón	mancebo	escaravello
lobo	navalla	escravitude
malva	naveta	estabilidade
nabo	navío	evanxeo
nave	néboa	habilidade
nevar	neviscar	labarada
neve	pavillón	labazada
nimbo	pólvora	labirinto
nube	saraiba	liberdade
pavo	táboa	neboeira
polbo	tranvía	nebuloso
rabo	tribu	neviscada

Posición final

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
club pub glub!	obter obviar obvio	abdicar abdome abducción abdutor ábside absolver absorber absorto absurdo abstemio absterse abstruso obturar obtuso obxectar obxecto obxector súbdito submersión submisión	abdominais absoluto obnubilar obxectivo subconsciente subcutáneo subdesenvolvido subdirector subliminar submarino subterfuxio subterráneo subtítulo substituto substrato subvención subversivo subxectivo subxuntivo subzona

ORACIÓNS

Posición inicial

O boi e a vaca pacían no bosque en liberdade.

O neno bebeu auga da billa.

A bolboreta batía as súas ás e o besbello bulía polo campo.

Déronse un bico nos beizos na beira do mar.

A vila estaba preto dun bosque de bidueiros e buxos.

A nena varreu de vagar as follas das árbores coa súa vasoira.

Posición media

O avó gardou os nabos e as cebolas no cabazo.

Estivemos debullando as fabas, pero estaban estragadas pola saraiba.

A néboa non nos deixaba albiscar o navío.

A escravitude foi abolida, e agora todos os homes son ceibes.

O lambón comeu todas as navallas e aínda quería outra ración de polbo.

Empezou a neviscar cando nos metemos no pavillón.

Posición final

Fun ao club de ximnasia para facer abdominais e fortalecer o abdome.

O subdirector obtivo uns beneficios acordes cos seus obxectivos.

Os restos dos ábsides do edificio están nunha zona subterránea.

!É absurdo que ese pub reciba subvencións!

O rei abdicou e agora gobernan os seus súbditos.

O submarino estaba absolutamente submerxido no mar.

XERALIZACIÓN

REFRÁNS

Vai o vello morrendo e vai aprendendo.

Vello que fai voda, cava sen querer a súa cova.

Cando oias a bubela, deixa os bois e colle a gavela.

Quen ben baila, de voda en voda anda.

A bo bocado, bo berro e bo xerro.

Se con uvas bebedes, dúas veces beberedes.

Ben con ben, son dous bens.

O bo bico, fai o neno bonito.

Do lobo, un pelo, e ese no medio do lombo.

Ningúen se gabe, ate que acabe.

A cabaleiro novo, cabalo vello.

O que cava e bima fará boa vendima.

Ben está o que ben acaba.

Ovella que bala, bocado que perde.

O bo, se breve, dúas veces bo.

Vello que baila, moito po levanta

TRABALINGUAS

Se vou a Bueu nun bou, vou e se non vou nun bou, non vou.

Media volta, volta enteira e volta e media. A dobre volta, volta e reviravolta con tanta volta.

POESÍAS E CANCIÓNS

Daba, daba, daba
na cabeciña,
daba, daba, daba
e non se mancaba
pero tanto bateu
que a cabeza fendeu.

Xoaniña voa, voa
que o teu pai vai en Lisboa
túa nai vai coas vacas
e traerache unhas papas.

Veño da Virxe da Barca
da Virxe da Barca veño
veño de abala—la pedra
de abala-la pedra veño.

Aí veñen aí veñen
Aí veñen aí van
sardiñas bonitas
de beira do mar.
E veñen e veñen
e veñen e van
e veñen de noite
van pola mañán
e veñen e veñen
e veñen e van.

Véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me venda-lo pote das papas
véndeme as concas e mais o cunheiro
e non me vendas o meu tabaqueiro

E viro e viro
e volvo a virar
as voltas do viro
son malas de dar
e viro e viro
e volvo a virar

Eu ben vin vi-la galbana
por riba de Chao de Leira
toma dous cuartos galbana
déixame acaba-la leira.
Eu ben vin vi-la galbana
por riba de valdeflores
toma dous cuartos galbana
déixame os meus segadores.

Aveloriña, voa, voa,
que che hei de dar pan con cebola.

Ceboliña, ceboleira,
voo, voo,
que mañá
che vou dar
pan e cebola

A castaña sabe ben
o viño vaise bebendo
o cariño vai entrando
a honra vaise perdendo.

Eí veñen eí veñen
eí veñen, eí van
as mozas de aquí
que van ó serán
eí veñen, eí veñen
eí veñen, eí van.

Vente vindo, vente vindo
Que eu tamén me vou andando
Que por non perde-lo tempo
Pillo a roca e vou fiando.
Vente vindo vente vindo
Vente vindo , vente andando
Por non perdérello tempo
Colle a roca e ven fiando.

Cascarrubia, cascarrubia,
dime se mañá hai sol ou chuvia

Arco da vella,
vaite de aí,
que as nenas bonitas,
non son para ti.

ADIVIÑAS

Que cousa é
que na bouza nace,
vai á feira,
ven á casa
e baila nela
coma unha rapaza?
(a peneira)

Cando vai para o monte, vai baleiro
e, cando ven para a casa, ven cheo.
Cando vai abaixo, vai cantando;
cando ven arriba, ven chorando.
(o caldeiro do pozo)

Que cousiña será para adiviñar
que, de novo ten barba,
e de vello, non?
(O millo)

Bule,bule, bulideira,
qué será que non ten pernas?
(a rocha)

Unha copa redonda e preta,
boca enriba está baleira.
E boca abaixo esta chea.
(sombreiro)

FONEMA /d/

AUTOMATIZACIÓN

SÍLABAS

da do du de di

ad od ud ed id

PSEUDOALABRAS

Pseudopalabras bisílabas co mesmo fonema

dadá dadó dadú dadé dadí

dodá dodó dodú dodé dodí

dudá dudó dudú dudé dudí

dedá dedó dedú dedé dedí

didá didó didú didé didí

Pseudopalabras trisílabas co mesmo fonema

dadadá dadodá dadudá dadedá dadidá

dodadó dododó dodudó dodedó dodidó

dudadú dudodú dududu dudedú dudidú

